

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE FACENDA

**17108** *REAL DECRETO 1041/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios e se modifican outras normas relacionadas coa xestión do imposto sobre actividades económicas.* («BOE» 213, do 5-9-2003.)

As novidades introducidas na Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en relación co imposto sobre actividades económicas, tributo cun marcado carácter censual, obrigan a reconsiderar a definición e alcance das declaracións censuais que deben presentalos empresarios, profesionais e obrigados a reter.

Con esta finalidade, o artigo 38 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modifica os puntos un e tres do artigo 107 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989.

Esta modificación legal obriga a aprobar un novo regulamento que regule os censos tributarios e as declaracións censuais, na medida en que o seu predecesor, o Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, queda superado pola modificación indicada. Por iso, o artigo primeiro deste real decreto aproba o regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios.

O novo desenvolvemento regulamentario regula, en primeiro lugar, o censo de contribuíntes, rexistro básico e xeral no que se inclúen todas aquelas persoas ou entidades que teñan atribuído un número de identificación fiscal, sexan persoas físicas (con documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro, asignados polo Ministerio do Interior), persoas xurídicas ou entidades do artigo 33 da Lei xeral tributaria (con código de identificación, asignado pola Administración tributaria). Pola súa parte, e en segundo lugar, defínese o censo de obrigados tributarios, no que se integran os empresarios, profesionais e obrigados a reter ou a ingresar á conta, que está comprendido no primeiro citado.

O regulamento regula así mesmo o Rexistro de operadores intracomunitarios, constituído basicamente polos suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que realizan entregas e adquisicións intracomunitarias de bens, que ata agora só fora indirectamente tratado no artigo 2.d) e no artigo 16 do Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, e de forma parcial, por mera referencia ó número de identificación fiscal a utilizar nas ditas operacións. A importancia deste censo na Unión Europea e en materia da cooperación administrativa entre os estados aconsella que apareza regulado co debido detalle.

Por último, este regulamento define o Rexistro de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial, no que se incluírán os que teñan dereito ó

procedemento de devolución que se regula no artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

Ademais, e por canto a partir de 2003 a información sobre as actividades económicas que desenvolven os empresarios ou profesionais se debe integrar na declaración censual identificándose o tipo de actividade de que se trate, de acordo coa clasificación de actividades que se estableza para efectos do imposto sobre actividades económicas, así como os establecementos e locais nos que se leve a cabo a actividade, faise preciso establecer unha nova regulación do vehículo formal, a declaración censual, que sustenta a xestión dos censos.

Este regulamento reconece expresamente a existencia de declaracións de alta no censo de contribuíntes, posto que en moitos casos a declaración censual serve para que as persoas xurídicas e entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, soliciten un número de identificación fiscal e, de resultas, a súa alta no censo, sen que iso supoña necesariamente o comezo de actividade económica ningunha, circunstancia que adoita producirse ó cabo de certo tempo. En consecuencia, é máis correcto tecnicamente falar de declaracións de alta e non de declaracións de comezo, como sucedía na normativa que se derroga. En calquera caso, esta declaración de alta contén, ademais dos datos de identificación, tódolos datos censuais relativos ós obrigados tributarios que realicen actividades empresariais, profesionais ou queden obrigados a reter ou a ingresar á conta, en particular os referentes ás súas obrigacións periódicas e á súa situación tributaria.

Unha vez definidas as declaracións censuais de alta, as declaracións de modificación, en boa lóxica, deben regularse por referencia a aquelas: serán as declaracións mediante as cales se comunique calquera variación que afecte os datos que se fixeron constar na declaración de alta ou en calquera outra declaración de modificación anterior á que se presenta.

De igual forma, as declaracións censuais de baixa defínense como o instrumento para comunicalo cesamento efectivo en tódalas actividades a que se refire o precepto.

Toda norma integrante do ordenamento xurídico debe ser concibida para que a súa comprensión por parte dos destinatarios sexa o máis sinxela posible, de forma que se facilite o cumprimento dos dereitos, deberes e obrigacións contidos nela. Dada a extensión e complexidade do novo regulamento que regula determinados censos tributarios, enténdese oportuna a inclusión dun índice de artigos que permita a rápida localización e situación sistemática dos preceptos deste regulamento.

En concordancia coas modificacións contidas no artigo primeiro deste real decreto, o artigo segundo ten como finalidade a modificación do artigo 10 do Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, polo que se regula a composición e a forma de utilización do número de identificación fiscal. A nova redacción coordina este precepto coa regulación da declaración censual, á vez que concreta os requisitos e o procedemento de asignación do número de identificación fiscal provisional.

Por último, o artigo terceiro incorpora diversas modificacións no Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro,

polo que se dictan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do dito imposto. Estas modificacións veñen fundamentadas nas novidades introducidas na xa citada Lei 51/2002 en relación co citado imposto, en particular no referente ás exencións previstas na nova redacción do artigo 83 da Lei 39/1988.

A modificación deste real decreto obedece, en primeiro lugar, a unha dobre motivación. Por unha parte, resulta necesario que exista unha regulación uniforme e coordinada das obrigacións censuais xerais e das específicas do imposto sobre actividades económicas. Por outra parte, debe adaptarse a regulación contida no Real decreto 243/1995 ás importantes modificacións introducidas no imposto sobre actividades económicas pola Lei 51/2002. Estas modificacións supuxeron a exención no pagamento do imposto para unha gran maioría dos seus suxeitos pasivos, polo que resulta adecuado adapta-la matrícula do imposto á dita situación.

Así, os cambios que se introducen no Real decreto 243/1995 obedecen ó obxectivo de limita-lo contido da matrícula específica do imposto sobre actividades económicas ós suxeitos pasivos non exentos do seu pagamento, tendo en conta que se prevé que tódolos que exerzan actividades económicas deben atende-las obrigacións censuais de carácter xeral. Iso ten expreso amparo legal na nova redacción do punto tres.6 do artigo 107 da Lei 37/1988 dada pola Lei 53/2002. A nova redacción deste precepto dispón que os obrigados á presentación da declaración censual poderán resultar exonerados regulamentariamente de presentar outras declaracións de contido ou finalidade censual establecidas polas normas propias de cada tributo, como é o caso do imposto sobre actividades económicas.

Con esta finalidade modifícanse os artigos 2, que regula a formación da matrícula do imposto; 5, 6 e 7, referentes, respectivamente, ás declaracións de alta, variación e baixa; 9, relativo ás exencións e beneficios fiscais, 13, regulador das liquidacións e inclusións de oficio, e ó artigo 18, referente á comprobación e investigación, do Real decreto 243/1995 citado.

Por outra parte, introdúcese modificacións no real decreto referido no que atinxe a regulación da delegación censual do imposto sobre actividades económicas, coa finalidade de mellorar este mecanismo que, razoablemente, haberá de verse afectado na práctica vista a redución que se vai producir na matrícula do imposto, que só deberá incluí-los obrigados ó pagamento deste. En concreto, dáselles nova redacción ós artigos 20, 21 e 22, ó punto 1 do artigo 24 e, finalmente, ó punto 2 do artigo 25. Estas alteracións van dirixidas, en primeiro lugar, a recoller que a delegación censual poida efectuarse en favor doutras entidades recoñecidas polas leis, ademais de en favor das deputacións provinciais, cabidos ou consellos insulares e comunidades autónomas. Ademais, ó eliminar como requisito para a solicitude da delegación da xestión censual do imposto a previa asunción da inspección, admítase a posibilidade de que estas entidades poidan solicitar simultaneamente a delegación de ambas. Por outra parte, inclúese entre as causas da revogación da delegación da xestión censual o incumprimento sobrevido das condicións esixidas para acceder a ela. Así mesmo, e coa finalidade de axiliza-los mecanismos de intercambio de información censual, suprímese a esixencia de que as remisións desta información se efectúen na forma que se determine nunha orde do ministro de Facenda, o que permitirá que a estrutura dos soporte informáticos se acorde coas entidades delegadas.

Por último, dáselle nova redacción á disposición adicional primeira do Real decreto 243/1995, para recolle-los cambios na xestión censual e do imposto sobre

actividades económicas en relación coa información que se ten que subministrar ás cámaras de comercio, industria e navegación, co fin de que estas poidan practicala liquidación do recurso cameral permanente.

Todo o anterior xustifica a aprobación deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

## DISPÓN O :

**Artigo primeiro.** *Aprobación do Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios.*

Apróbase o Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios que se insire a continuación deste real decreto.

**Artigo segundo.** *Modificación do artigo 10 do Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, polo que se regula a composición e a forma de utilización do número de identificación fiscal.*

Modifícase o artigo 10 do Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, polo que se regula a composición e a forma de utilización do número de identificación fiscal, que queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Asignación do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.*

1. As persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica que vaian ser titulares de relacións de natureza ou con transcendencia tributaria deberán solicita-la asignación dun número de identificación fiscal.

2. Cando se trate de persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que vaian realizar actividades empresariais ou profesionais, deberán solicita-lo seu número de identificación fiscal antes da realización de calquera entrega, prestación ou adquisición de bens ou servicios, da percepción de cobramentos ou o aboamento de pagamentos, ou da contratación de persoal laboral, efectuados para o desenvolvemento da súa actividade. En todo caso, a solicitude formularase dentro do mes seguinte á data da súa constitución ou do seu establecemento en territorio español.

3. A solicitude efectuarase mediante a presentación da oportuna declaración censual de alta regulada no artigo 7 do Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios, na que se farán constar as circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do mencionado artigo na medida en que se produzan ou sexan coñecidas no momento da presentación da declaración.

4. A delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente asignará o número de identificación fiscal no prazo máximo de 10 días, e poderá asignarse a persoas xurídicas ou entidades en período de constitución. O número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade terá carácter provisional mentres a entidade interesada non achegase copia da escritura pública ou documento fidedigno da súa constitución e dos estatutos sociais ou documento equivalente, así como certificación da súa inscrición, cando proceda, nun rexistro público. En ningún caso, o número de identificación fiscal provisional ou definitivo se asignará

a persoas xurídicas ou entidades que non achen, polo menos, un documento debidamente asinado no que os outorgantes daquel manifesten o seu acordo de vontades para a constitución da persoa xurídica ou entidade de que se trate. En calquera dos casos, o asinante da declaración censual de solicitude deberá acreditar que actúa en representación da persoa xurídica, entidade sen personalidade, ou colectivo que se compromete á súa creación.

5. Cando se asigne un número de identificación fiscal provisional, a entidade concernida quedará obrigada á achega da documentación pendente necesaria para a asignación do número de identificación fiscal definitivo tan pronto como dispoña de toda ela. Cumprida esta obrigación, asignarase o número de identificación fiscal definitivo; para o solicitar deberá presentarse a oportuna declaración censual, na que se farán constar, se é o caso, tódalas modificacións que se producisen respecto dos datos consignados na declaración presentada para solicita-lo número de identificación fiscal provisional que aínda non fosen comunicados á Administración en anteriores declaracións censuais de modificación.

Para estes efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá subscribir convenios cos organismos e institucións que interveñen no proceso de creación de entidades para facilitarlle a comunicación a estas do número de identificación fiscal provisional ou definitivo asignado. Cando en virtude do disposto nun convenio a Axencia Estatal de Administración Tributaria teña coñecemento a través doutros organismos e institucións da información necesaria para asignar a unha entidade o número de identificación fiscal definitivo, poderá exonerar a entidade de presentar unha declaración censual na que solicite a asignación do dito número, sen prexuízo da obrigación que incumbe á entidade de comunicar outro tipo de modificacións que se producisen respecto da información que fixese constar nas declaracións censuais que presentase con anterioridade.

6. Cando se asigne un número de identificación fiscal provisional, a Administración tributaria poderá requirirlle a achega da documentación pendente outorgando un prazo máximo de 10 días para a súa presentación ou para que se xustifiquen os motivos que a imposibiliten, con indicación en tal caso polo interesado do prazo necesario para a súa achega definitiva.

Así mesmo, a Administración tributaria poderá esixir unha tradución para o castelán, ou para outra lingua oficial en España, da documentación achegada para a asignación do número de identificación fiscal cando aquela estea redactada noutro idioma non oficial.

7. A Administración tributaria poderá comprobar a veracidade dos datos comunicados polos interesados nas súas solicitudes de número de identificación fiscal provisional ou definitivo e, en particular, a existencia da actividade ou do obxecto social declarados pola entidade e do seu desenvolvemento no domicilio comunicados, así como o mantemento das ditas circunstancias. Se da comprobación resultase que os mencionados datos non son veraces ou que non se cumpren as circunstancias sinaladas, a Administración tributaria, logo de audiencia ós interesados, poderá revogalo número de identificación fiscal asignado. Así mesmo, de concorreren esas circunstancias, a Administración poderá efectuar, se é o caso, a recti-

ficación de oficio dos datos censuais de conformidade co establecido no artigo 14 do Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios.

8. A solicitude de asignación do número de identificación fiscal nos supostos recollidos nos puntos 1 e 2 do artigo 9 deste real decreto deberá dirixirse ó director do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria pola entidade interesada, con personalidade xurídica propia, ou por un departamento ministerial ou consellería do órgano de goberno dunha comunidade autónoma, indicándose no escrito de solicitude os sectores, órganos ou centros para os que se solicita un número de identificación fiscal propio e as razóns que motivan a petición.

Estimada a petición polo director do Departamento de Xestión Tributaria, o órgano correspondente da Axencia Estatal de Administración Tributaria procederá a outorgalo número de identificación fiscal.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do dito imposto.*

O Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do dito imposto, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 2, que queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Formación da matrícula.*

1. O imposto sobre actividades económicas xestionarase a partir da súa matrícula. A dita matrícula será formada anualmente pola Administración tributaria do Estado, ou pola entidade que asumise por delegación a xestión censual do tributo, e estará constituída polos censos comprensivos dos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas e non estean exentos do imposto, agrupados en función do tipo de cota, nacional, provincial ou municipal, pola que tributen e clasificados por seccións, divisións, agrupacións, grupos e epígrafes. A matrícula de cada exercicio pecharase o 31 de decembro do ano anterior e incorporará as altas, variacións e baixas producidas durante o dito ano, para o cal se incluírán as declaracións de variacións e baixas presentadas ata o 31 de xaneiro e que se refiran a feitos anteriores ó 1 de xaneiro.

2. A matrícula constará para cada suxeito pasivo e actividade de:

a) Os datos identificativos do suxeito pasivo: número de identificación fiscal, apelidos e nome para as persoas físicas, denominación social completa, así como o anagrama, se o tivesen, para as persoas xurídicas, e denominación para as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

b) O domicilio da actividade e o domicilio fiscal do suxeito pasivo.

c) A denominación da actividade, o grupo ou epígrafe que lle corresponda, os elementos tributarios debidamente cuantificados e a cota resultante de aplica-las tarifas do imposto.

d) Cando se trate de cotas municipais e o suxeito pasivo dispoña ademais de locais situados no



mesmo municipio nos que non exerce directamente a actividade ós que se refire a regra 14.<sup>a</sup>1.F.f) da instrucción do imposto, os citados locais figurarán na matrícula con indicación da súa superficie, situación e cota correspondente resultante da aplicación das tarifas do imposto.

e) Cando se trate de cotas municipais e o suxeito pasivo dispoña nun municipio, exclusivamente, de locais nos que non exerce directamente a actividade, ós que se refire a regra 14.<sup>a</sup>1.F.h) da instrucción do imposto, estes locais figurarán na matrícula correspondente ó citado municipio, cos datos identificativos do suxeito pasivo, o seu domicilio fiscal, actividade que exerce, así como a superficie, situación e cota de cada local. Neste caso farase constar na matrícula que se trata de cotas integradas exclusivamente polo elemento tributario superficie.

3. Na matrícula figurará a recarga provincial naqueles casos en que estivese establecido.»

Dous. Modifícase o artigo 5, que quedará redactado como segue:

«Artigo 5. *Declaracións de alta.*

1. Os suxeitos pasivos que non estean exentos do imposto están obrigados a presentar declaración de alta na súa matrícula.

Estarán, así mesmo, obrigados a presentar declaración de alta na matrícula os suxeitos pasivos que viñesen aplicando algunha das exencións establecidas no imposto, cando deixen de cumprilas condicións esixidas para a súa aplicación.

Os suxeitos pasivos que desenvolvan actividades das que a cota resultante sexa cero, ben porque iso resulte da aplicación das tarifas, ben por decláralo así a Administración do Estado, non estarán obrigados a presentar declaración de alta, con excepción das agrupacións e unións temporais de empresas clasificadas no grupo 508 da sección 1.<sup>a</sup> das tarifas, que deberán presentar declaración de alta na matrícula de acordo co preceptuado no punto 3 da regra 15.<sup>a</sup> da instrucción do imposto aprobada no anexo 2 do Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro.

2. As declaracións ás que se fai referencia no punto anterior formularanse separadamente para cada actividade, tal como dispón o punto 3 da regra 10.<sup>a</sup> da instrucción do imposto e comprenderán, entre outros datos, tódolos necesarios para a cualificación da actividade, a determinación do grupo ou epígrafe e a cuantificación da cota.

Cando se tribute por cota municipal e se dispoña de locais nos que non se exerce directamente a actividade ós que se refire a regra 14.<sup>a</sup>1.F.h) da instrucción do imposto, ademais da declaración a que se refire o parágrafo anterior, presentarase unha declaración por cada un dos locais citados, se ben, para efectos da liquidación posterior, só se considerará o elemento tributario superficie.

Cando se tribute por cota nacional ou provincial, na declaración consignaranse tódolos locais, calquera que sexa a súa situación e destino, sumándose a superficie de todos eles para calculalo valor do elemento tributario superficie, salvo os locais ós que se refire a regra 14.<sup>a</sup>1.F.j) da instrucción do imposto.

3. As declaracións de alta ás que se fai referencia no parágrafo primeiro do punto 1 deberán presentarse antes do transcurso dun mes desde o inicio da actividade, mediante o modelo que aprobo o ministro de Facenda.

As declaracións de alta ás que se fai referencia no parágrafo segundo do punto 1 presentaranse durante o mes de decembro inmediato anterior ó ano no que o suxeito pasivo resulte obrigado a contribuír polo imposto.

4. Cando o suxeito pasivo exerza actividades comprendidas nun ou varios grupos ou epígrafes ós cales lles sexan de aplicación notas das tarifas, ou regras da instrucción, que impliquen aumento ou diminución da cota, deberá facer constar expresamente na declaración de alta tal circunstancia e indica-las notas ou regras que correspondan.

5. O órgano competente para a recepción da declaración de alta poderá requirir-la documentación precisa para xustificar os datos declarados, así como a emenda dos erros ou defectos observados na declaración.»

Tres. Modifícase o artigo 6, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Declaracións de variación.*

1. Os suxeitos pasivos incluídos na matrícula do imposto estarán obrigados a presentar declaración mediante a que se comuniquen as variacións de orde física, económica ou xurídica, en particular as variacións ás que fai referencia a regra 14.<sup>a</sup>2 da instrucción, que se produzan no exercicio das actividades gravadas e que teñan transcendencia para efectos da súa tributación por este imposto.

En todo caso considérase variación o cambio de opción que realice o suxeito pasivo cando as tarifas teñan asignadas máis dunha clase de cota, xa sexa municipal, provincial ou nacional. Cando se realicen estas opcións, as facultades previstas nas regras 10.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 12.<sup>a</sup> da instrucción producirán efectos a partir do período impositivo seguinte.

Cando os suxeitos pasivos ós que se refire o parágrafo anterior desexen que as facultades previstas para a clase de cota elixida lles sexan de aplicación desde o momento en que realizan a opción sinalada no parágrafo anterior, deberán presenta-las declaracións de baixa e alta que correspondan, que non terán neste caso a consideración de variación.

2. As declaracións ás que se fai referencia no punto anterior formularanse separadamente para cada actividade, mediante o modelo que aprobo o ministro de Facenda.

3. Cando a variación tributaria estea en relación coa aplicación de notas das tarifas ou regras da instrucción, deberá facerse constar expresamente na declaración tal circunstancia e indica-las notas ou regras que correspondan.

4. As declaracións de variación presentaranse no prazo dun mes, contado desde a data na que se produciu a circunstancia que motivou a variación.

5. O órgano competente para a recepción da declaración de variación poderá requirir-la documentación precisa para xustificar os datos declarados, así como a emenda dos erros ou defectos observados na declaración.»

Catro. Modifícase o artigo 7, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 7. *Declaracións de baixa.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto que cesen no exercicio dunha actividade pola que figuren inscritos na matrícula, estarán obrigados a presentar

declaración de baixa na actividade, mediante o modelo que aprobe o ministro de Facenda.

2. As declaracións de baixa deberán presentarse no prazo dun mes, contado desde a data na que se produciu o cesamento.

En caso de falecemento do suxeito pasivo, os seus habentes causa formularán a pertinente declaración de baixa no prazo sinalado no parágrafo anterior, contado a partir do momento do falecemento.

3. O órgano competente para a recepción da declaración de baixa poderá requirir-la documentación precisa para acreditar-la causa que se alegue como motivo do cesamento, así como a emenda dos erros ou defectos observados.

4. Estarán así mesmo obrigados a presentar declaración de baixa na matrícula os suxeitos pasivos incluídos nela que accedan á aplicación dunha exención. A dita declaración presentarse durante o mes de decembro inmediato anterior ó ano no que o suxeito pasivo quede exonerado de tributar polo imposto.»

Cinco. Modifícase o artigo 9, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 9. *Exencións e beneficios fiscais.*

1. As bonificacións ou beneficios fiscais de carácter rogado deberán solicitarse ó presentala declaración de alta na matrícula do imposto.

2. Cando se tribute por cota municipal e a xestión censual do imposto a leve a cabo a Administración tributaria do Estado, o órgano receptor dunha declaración de alta na que se solicite o recoñecemento dun beneficio fiscal remitiralla ó concello competente, para que este adopte o acordo pertinente e o notifique ó interesado.

Estes acordos serán impugnables de conformidade co previsto no artigo 7 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

3. No caso de que se tribute por cota provincial ou nacional, o órgano competente da Administración tributaria estatal adoptará o acordo sobre a procedencia do beneficio fiscal, e notificarallo ó suxeito pasivo.

O órgano competente para adoptalo acordo sobre a procedencia do beneficio fiscal será o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria do ámbito territorial no que se desenvolvan as actividades, no caso de cotas provinciais, e o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria do domicilio fiscal do suxeito pasivo, no caso de cotas nacionais.»

Seis. Modifícase o artigo 13, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 13. *Liquidación das altas e inclusións de oficio.*

1. Cando se tribute por cota municipal e a xestión censual do imposto a leve a cabo a Administración tributaria do Estado, esta remitirá, no mes seguinte a cada trimestre natural, ós concellos ou órganos competentes para liquidalo imposto, relacións das declaracións de alta e das inclusións de oficio, para que se practiquen as liquidacións que procedan.

2. Cando se tribute por cota provincial ou nacional, os suxeitos pasivos presentarán as declaracións de alta na matrícula mediante os modelos aprobados polo ministro de Facenda, nos prazos establecidos no punto 3 do artigo 5 e nos lugares sinalados no punto 1 do artigo 8 deste real decreto.

A Administración tributaria do Estado practicará as correspondentes liquidacións e notificarallas ós suxeitos pasivos.

3. Cando a xestión censual se exerza por delegación, a entidade delegada poderá esixilo imposto en réxime de autoliquidación. Nestes casos, os suxeitos pasivos presentarán a correspondente declaración-liquidación no prazo sinalado no punto 3 do artigo 5 deste real decreto, e no modelo que aprobe para tal efecto a dita entidade delegada.»

Sete. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 18, «Comprobación e investigación», que quedarán redactados da seguinte maneira:

«2. Non obstante, cando se trate de cotas municipais, as competencias en materia de inspección do imposto poderán ser delegadas polo ministro de Facenda nos concellos, deputacións provinciais, consellos e cabidos insulares, comunidades autónomas e outras entidades recoñecidas polas leis que o soliciten.

As deputacións provinciais, consellos e cabidos insulares, comunidades autónomas e outras entidades recoñecidas polas leis farán constar expresamente na solicitude de delegación de competencias os termos municipais do seu ámbito territorial nos que vaian desenvolverlas competencias solicitadas.

A solicitude deberá presentarse, antes do 1 de outubro do ano inmediato anterior a aquel no que teña que producir efecto, ante a Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A delegación levarase a efecto mediante orde do ministro de Facenda publicada no «Boletín Oficial del Estado» antes do inicio do ano natural no que teña que producir efecto. Para tal fin, o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo dos informes e estudos que considere oportunos, proporalle ó ministro de Facenda a concesión ou denegación das solicitudes.

3. Así mesmo, poderán establecerse fórmulas de colaboración entre a Administración tributaria estatal e os concellos, deputacións provinciais, consellos e cabidos insulares, comunidades autónomas e outras entidades recoñecidas polas leis, nos termos que dispoña o ministro de Facenda.»

Oito. Modifícase o artigo 20, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 20. *Solicitude de delegación.*

As entidades a que se refire o punto 1 do artigo 22 deste real decreto que desexen asumir a xestión censual do imposto sobre actividades económicas, deberán solicitar expresamente a delegación das ditas competencias antes do 1 de outubro do ano inmediatamente anterior a aquel en que teña que producir efecto a referida delegación. A tal fin, deberán adoptalo oportuno acordo e presentala correspondente solicitude ante a Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria respectiva dentro do prazo indicado.

As deputacións provinciais, cabidos ou consellos insulares, comunidades autónomas e outras entidades recoñecidas polas leis farán constar expresamente na solicitude de delegación de competencias os termos municipais do seu ámbito territorial nos que vaian desenvolverlas funcións correspondentes.»

Nove. Modifícase o artigo 21, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 21. *Concesión da delegación.*

A delegación só poderá levarse a efecto expresamente mediante orde do ministro de Facenda,

publicada no "Boletín Oficial del Estado" antes do inicio do ano natural en que teña que producir efecto.

Para tal fin, o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo dos informes e estudos que estime oportunos, proporalle ó ministro de Facenda a concesión ou denegación das solicitudes.»

Dez. Modifícase o artigo 22, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 22. *Entidades que poden solicita-la delegación.*

1. A delegación poderá ser solicitada:

a) Polos concellos que sexan capital de provincia ou teñan unha poboación de dereito igual ou superior a 50.000 habitantes.

b) Polas deputacións provinciais, consellos ou cabidos insulares, comunidades autónomas e outras entidades recoñecidas polas leis respecto dos concellos que lles delegasen ou encomendasen a xestión tributaria do imposto ó amparo do artigo 7 ou da disposición transitoria undécima da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

2. Non poderán solicita-la delegación:

a) Os concellos nos que a xestión tributaria do imposto a leve a cabo a respectiva deputación provincial, consello ou cabido insular, comunidade autónoma ou outra entidade recoñecida polas leis nos termos previstos no punto 2 da disposición transitoria undécima da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

b) Os concellos que delegasen as súas competencias en materia de xestión tributaria do imposto nas deputacións provinciais, consellos ou cabidos insulares, comunidades autónomas ou outras entidades recoñecidas polas leis nos termos previstos no artigo 7 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

c) Os concellos que non asuman por delegación a inspección do imposto nos termos previstos no punto 3 do artigo 92 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

d) As deputacións provinciais, consellos ou cabidos insulares, comunidades autónomas e outras entidades recoñecidas polas leis que non asuman por delegación a inspección do imposto nos termos previstos no punto 3 do artigo 92 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

3. En ningún caso poderán as entidades que exerzan por delegación a xestión censual do imposto en virtude do disposto neste real decreto delegar, pola súa vez, as ditas competencias noutras entidades.»

Once. Modifícase o punto 1 do artigo 24, «Vixencia da delegación», que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. Unha vez concedida a delegación de competencias, esta entenderase vixente, salvo:

a) Renuncia expresa da entidade delegada, para o fin da cal esta deberá adopta-lo acordo correspondente antes do 1 de outubro do ano inmediatamente anterior a aquel en que teña que producir efecto, e comunicarao dentro do mesmo pra-

zo á delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria respectiva. A renuncia será publicada por orde do ministro de Facenda no "Boletín Oficial del Estado" antes do inicio do ano natural en que teña que producir efecto.

b) Revogación mediante orde do ministro de Facenda acordada por proposta do director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Serán causas determinantes da revogación o incumprimento das condicións esixidas para a obtención da delegación, a falta de eficacia alcanzada pola entidade delegada no exercicio da xestión censual do imposto ou a inobservancia das obrigacións relativas ós intercambios de información censual regulados no artigo seguinte. A revogación producirá efecto desde o primeiro día do ano natural seguinte a aquel en que teña lugar a súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".»

Doce. Modifícase o punto 2 do artigo 25, «Intercambio de información censual», que quedará redactado da seguinte maneira:

«2. Dentro do primeiro mes de cada trimestre natural a entidade delegada remitirá á Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria respectiva as modificacións que se producisen durante o trimestre inmediatamente anterior nos censos a que se refire o punto 1 deste artigo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as modificacións que se produzan durante o último trimestre de cada ano natural serán remitidas á Axencia Estatal de Administración Tributaria antes do 16 de febreiro do ano seguinte.»

Trece. Modifícase a disposición adicional primeira, que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional primeira. *Recurso cameral permanente.*

De conformidade co disposto no punto 1 do artigo 17 da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras de comercio, industria e navegación, a Administración tributaria do Estado entregará anualmente ó Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación e a cada unha destas corporacións os datos do imposto sobre actividades económicas que lles sexan necesarios para a liquidación da exacción que regula o artigo 12.1.a) da citada lei, así como os datos necesarios dos censos de contribuíntes e de obrigados tributarios, que necesiten co fin de dar cumprimento ó disposto nos artigos 2.1.h), 8 e 18.2.d) da mesma lei.»

**Disposición transitoria única.** *Presentación de declaracións de alta e baixa na matrícula do imposto sobre actividades económicas e de declaracións censuais en 2003 por parte dos suxeitos pasivos exentos dese imposto.*

Os suxeitos pasivos exentos do imposto sobre actividades económicas que, na data de entrada en vigor deste real decreto, estean dados de alta na matrícula do imposto non terán que presentar declaración de baixa naquela nin declaración de modificación no censo de obrigados tributarios.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación do Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que deberán presentar para efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios.*

Queda derogado o Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que deberán presentar para efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios.



**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o 1 de setembro de 2003.

Dado en Palma de Mallorca o 1 de agosto de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

**REGULAMENTO POLO QUE SE REGULAN  
DETERMINADOS CENSOS TRIBUTARIOS**

**ÍNDICE**

Capítulo I. Definicións.

Artigo 1. Formación dos censos.

Capítulo II. Contido e información comprendida nos censos.

Sección 1.<sup>a</sup> Contido dos censos.

Artigo 2. Contido do censo de contribuíntes.

Artigo 3. Contido do censo de obrigados tributarios.

Sección 2.<sup>a</sup> Información censual complementaria.

Artigo 4. Información censual complementaria respecto das persoas físicas residentes en España incluídas no censo de obrigados tributarios.

Artigo 5. Información censual complementaria respecto das entidades residentes ou constituídas en España incluídas no censo de obrigados tributarios.

Artigo 6. Información censual complementaria respecto das persoas ou entidades non residentes ou non establecidas, así como das non constituídas en España, incluídas no censo de obrigados tributarios.

Capítulo III. Declaracións censuais.

Artigo 7. Declaración de alta.

Artigo 8. Declaración de modificación.

Artigo 9. Declaración de baixa.

Artigo 10. Especialidades na alta no censo de contribuíntes das entidades ás que se asigne un número de identificación fiscal.

Artigo 11. Modelo de declaración e forma e lugar de presentación.

Capítulo IV. Outras disposicións.

Artigo 12. Competencias da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 13. Cambio do domicilio fiscal.

Artigo 14. Comprobación e cooperación administrativa.

Artigo 15. Exclusión doutras declaracións censuais.

Artigo 16. Substitución da declaración de alta polo documento único electrónico no caso de sociedades limitadas Nova Empresa.

Artigo 17. Acceso ós datos que figuran nos censos.

Disposición adicional única. Aplicación do regulamento nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

Disposición transitoria única. Datos que constan nos censos.

Disposición derradeira única. Habilitación normativa.

**CAPÍTULO I**

**Definicións**

Artigo 1. *Formación dos censos.*

1. O censo de contribuíntes estará formado pola totalidade de persoas ou entidades que deberán ter un número de identificación fiscal para as súas relacións de natureza ou con transcendencia tributaria de acordo co establecido no artigo 1 do Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, polo que se regula a composición e forma de utilización do número de identificación fiscal.

2. O censo de obrigados tributarios estará formado polas persoas ou entidades que desenvolvan ou vaian desenvolver en territorio español calquera das actividades ou operacións que se mencionan a continuación:

a) Actividades empresariais ou profesionais, entendéndose por tales aquelas a realización das cales confira a condición de empresario ou profesional.

Para efectos do disposto neste regulamento, terán a consideración de empresarios ou profesionais os que teñan tal condición de acordo coas disposicións propias do imposto sobre o valor engadido, incluso cando desenvolvan a súa actividade fóra do territorio de aplicación deste imposto.

Non se incluírán no censo de obrigados tributarios os que efectúen exclusivamente arrendamentos de inmoables exentos do imposto sobre o valor engadido, conforme o artigo 20.un.23.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, entregas a título ocasional de medios de transporte novos exentas do mencionado imposto en virtude do disposto nos puntos un e dous do artigo 25 da dita lei, e adquisicións intracomunitarias de bens exentas en virtude do disposto no punto tres do artigo 26 da mesma lei.

b) Aboamento de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.

c) Adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó imposto sobre o valor engadido efectuadas por quen non actúe como empresario ou profesional.

Tamén se integrarán neste censo as persoas ou entidades non residentes en España de acordo co disposto no artigo 6 da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias, que operen en territorio español mediante establecemento permanente ou satisfagan no dito territorio rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta, e as entidades ás que se refire a alínea c) do artigo 5 da citada lei.

De igual forma, as persoas ou entidades non establecidas no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido quedarán integradas neste censo cando sexan suxeitos pasivos do dito imposto. Non obstante, cando estas persoas ou entidades realicen exclusivamente as operacións exentas previstas nos artigos 23 e 24 da Lei do imposto sobre o valor engadido, o Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá exonerarlos do cumprimento de obrigacións censuais de oficio ou logo de solicitude do interesado.

Así mesmo, formarán parte deste censo as persoas ou entidades que non cumpran ningún dos requisitos previstos neste punto pero sexan socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes de entidades en réxime de atribución de rendas que desenvolvan actividades empresariais ou profesionais e teñan obrigacións tributarias derivadas da súa condición de membros de tales entidades.

O censo de obrigados tributarios formará parte do censo de contribuíntes.

3. O Rexistro de operadores intracomunitarios estará formado polas persoas ou entidades que teñan atribuído o número de identificación fiscal regulado para efectos do imposto sobre o valor engadido na alínea d) do artigo 2 e no artigo 16 do Real decreto 338/1990, que vaian efectuar entregas ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó dito tributo.

Formarán parte igualmente deste rexistro os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que vaian ser destinatarios de prestacións de servizos dos que o lugar de realización para efectos daquel se determine efectivamente en función de cal sexa o Estado que atribuíse ó adquirente o número de identificación fiscal co que se realizase a operación.

A inclusión será así mesmo obrigatoria no caso de persoas ou entidades ás que se refire o artigo 14 da Lei do imposto sobre o valor engadido cando vaian realizar adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó dito imposto. En tal caso, a inclusión neste rexistro determinará a asignación automática á persoa ou entidade solicitante do número de identificación fiscal regulado na alínea d) do artigo 2 e no artigo 16 do Real decreto 338/1990.

A circunstancia de que as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 14 da Lei do imposto sobre o valor engadido deixen de estar incluídas no Rexistro de operadores intracomunitarios, por producirse o suposto de que as adquisicións intracomunitarias de bens que realicen resulten non suxeitas ó imposto en atención ó establecido no dito precepto, determinará a revogación automática do número de identificación fiscal específico regulado na alínea d) do artigo 2 e no artigo 16 do Real decreto 338/1990.

Este rexistro formará parte do censo de obrigados tributarios.

4. O Rexistro de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial estará integrado polos empresarios ou profesionais que teñan dereito ó procedemento de devolución que se regula no artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Este rexistro formará parte do censo de obrigados tributarios.

## CAPÍTULO II

### Contido e información comprendida nos censos

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> CONTIDO DOS CENSOS

##### Artigo 2. *Contido do censo de contribuíntes.*

Os datos que se incluírán no censo de contribuíntes serán, para cada un deles, os seguintes:

- a) Apelidos e nome, ou razón ou denominación social completa, así como o anagrama, se o tivese.
- b) Número de identificación fiscal.
- c) Condición de persoa ou entidade residente ou non residente en territorio español.
- d) No caso de entidades, constitución en España ou no estranxeiro.
- e) Domicilio fiscal, salvo que non dispoña do dito domicilio de acordo coa normativa que lle resulte de aplicación.
- f) Se é o caso, domicilio no estranxeiro.

##### Artigo 3. *Contido do censo de obrigados tributarios.*

No censo de obrigados tributarios, ademais dos datos mencionados no artigo 2 deste regulamento, constará para cada persoa ou entidade a seguinte información:

a) As declaracións ou declaracións-liquidacións que deba presentar periodicamente por razón das súas actividades empresariais ou profesionais, ou por satisfacer rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.

b) A súa situación tributaria en relación cos seguintes extremos:

1.º A condición de entidade total ou parcialmente exenta para efectos do imposto sobre sociedades, de acordo co artigo 9 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

2.º A opción e a renuncia ó réxime fiscal especial previsto no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

3.º O réxime de determinación do rendemento neto das actividades económicas que desenvolva e, se é o caso, a modalidade aplicada no imposto sobre a renda das persoas físicas.

4.º A inclusión, renuncia, revogación da renuncia ou exclusión do réxime de estimación obxectiva ou da modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas.

5.º A suxeición do obrigado tributario ó réxime especial da recarga de equivalencia do imposto sobre o valor engadido.

6.º A inclusión, renuncia, revogación da renuncia ou exclusión do réxime simplificado ou do réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.

7.º A non aplicación das exencións a que se refiren o artigo 20.un.27.º e o punto cinco do artigo 26 da Lei do imposto sobre o valor engadido, por superalos límites de volume de operacións previstos nos ditos preceptos ou en virtude da autorización concedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

8.º A inclusión ou baixa no Rexistro de operadores intracomunitarios.

9.º A inscrición ou baixa no Rexistro de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial a que se refire o artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

10.º A clasificación das actividades económicas desenvolvidas de acordo coa codificación prevista para efectos do imposto sobre actividades económicas, diferenciando a actividade principal das restantes, excepto cando se trate de suxeitos pasivos deste imposto obrigados ó pagamento deste por non resultar de aplicación as exencións establecidas no dito imposto. Nos exercicios en que non resulten de aplicación as ditas exencións a información a que se refiren este parágrafo e o parágrafo seguinte será comunicada a través das declaracións específicas do imposto sobre actividades económicas.

11.º A relación, se é o caso, dos establecementos ou locais nos que desenvolva as súas actividades económicas, con identificación da comunidade autónoma, provincia, municipio e enderezo completo de cada un deles, indicando a súa superficie e o seu grao de afectación total ou parcial a cada unha das actividades desenvolvidas.

c) O número de teléfono e, se é o caso, o enderezo de correo electrónico e o nome de dominio ou enderezo da internet, a través do cal desenvolva as súas actividades.



SECCIÓN 2.<sup>a</sup> INFORMACIÓN CENSUAL COMPLEMENTARIA**Artigo 4. Información censual complementaria respecto das persoas físicas residentes en España incluídas no censo de obrigados tributarios.**

Respecto das persoas físicas residentes en España, constarán no censo de obrigados tributarios, ademais do seu domicilio fiscal, o lugar onde teñan efectivamente centralizada a xestión administrativa e o enderezo dos seus negocios en territorio español, cando sexa distinto do domicilio fiscal.

**Artigo 5. Información censual complementaria respecto das entidades residentes ou constituídas en España incluídas no censo de obrigados tributarios.**

1. Respecto das entidades residentes ou constituídas en España suxeitas ó imposto sobre sociedades, constarán no censo de obrigados tributarios os seguintes datos adicionais:

- a) O domicilio social, cando sexa distinto ó domicilio fiscal.
- b) A data de peche do exercicio social.
- c) Os apelidos e nome, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do seu representante, así como de cada un dos socios, membros ou partícipes fundadores ou que promovan a súa constitución, con indicación da súa cota de participación.

2. No caso de entidades non suxeitas ó imposto sobre sociedades, constarán así mesmo os seguintes datos complementarios:

- a) A clase de entidade de que se trate.
- b) Os apelidos e nome, número de identificación fiscal, domicilio fiscal e nacionalidade, de quen teña a representación da entidade segundo o disposto no punto 4 do artigo 43 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, así como de cada un dos membros ou partícipes daquela, con indicación da súa cota de participación. Así mesmo, para o caso de que os citados membros ou partícipes non sexan residentes en España, deberase facer constar a súa residencia fiscal e a identificación do seu representante fiscal en España, se o houbese.

**Artigo 6. Información censual complementaria respecto das persoas ou entidades non residentes ou non establecidas, así como das non constituídas en España, incluídas no censo de obrigados tributarios.**

1. No caso de persoas ou entidades non residentes ou non establecidas, así como no das non constituídas en España, que deban formar parte do censo de obrigados tributarios constarán no dito censo os seguintes datos complementarios:

- a) O Estado ou territorio de residencia ou de constitución.
- b) A nacionalidade e a forma xurídica ou clase de entidade sen personalidade xurídica de que se trate, de acordo co seu dereito nacional.
- c) O domicilio fiscal e, no seu defecto, o domicilio social, no Estado ou territorio da súa residencia ou da súa constitución.
- d) Se é o caso, os apelidos e nome, ou razón ou denominación social completa, co anagrama, se o houber, número de identificación fiscal, domicilio fiscal e nacionalidade do seu representante en España.

2. Cando unha persoa ou entidade non residente opere en territorio español por medio dun ou varios establecementos permanentes que realicen actividades claramente diferenciadas e dos que a xestión se leve de

modo separado, de acordo co disposto no artigo 1 bis do Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 326/1999, do 26 de febreiro, serán o dito establecemento ou os ditos establecementos os que deban inscribirse individualmente no censo de obrigados tributarios, cos mesmos datos e nas mesmas condicións que as persoas ou entidades residentes, e deberán, ademais, cada un deles identificar a persoa ou entidade non residente da que dependen, e comunica-los datos relativos a aquela relacionados no punto anterior.

Cada establecemento permanente identificarase cunha denominación específica que, en calquera caso, comprenderá unha referencia á persoa ou entidade non residente da que dependa e un número de identificación fiscal propio e independente do asignado, se é o caso, a esta última.

Así mesmo, deberá especificarse a forma de determinación da base imponible do establecemento permanente que se constitúe en España, de acordo co disposto no artigo 17 da Lei do imposto sobre a renda de non residentes.

3. No caso de que unha persoa ou entidade non residente opere en territorio español por si mesma e por medio dun ou varios establecementos permanentes, a inscrición no censo de obrigados tributarios deberaa realizar tanto a persoa ou entidade non residente como os seus establecementos permanentes.

En todas estas inscricións, ademais dos datos esixidos con carácter xeral neste regulamento, comunicaranse os relacionados no punto 1 deste artigo referidos á persoa ou entidade non residente.

Así mesmo, cada establecemento permanente identificarase e indicará a clase de establecemento que constitúa de acordo co disposto no punto anterior deste artigo.

4. No caso de entidades en réxime de atribución de rendas con presenza en territorio español, de acordo co disposto no artigo 32.6 da Lei 41/1998, deben constar no censo de obrigados tributarios os apelidos e nome, razón ou denominación social completa, número de identificación fiscal, domicilio fiscal e nacionalidade de cada un dos membros ou partícipes daquela, con indicación da súa cota de participación.

## CAPÍTULO III

## Declaracións censuais

**Artigo 7. Declaración de alta.**

1. Os que teñan que formar parte do censo de obrigados tributarios deberán presentar unha declaración de alta no censo.

2. A declaración de alta deberá incluí-los datos recollidos nos artigos 2 a 6 deste regulamento.

3. Así mesmo, esta declaración servirá para os seguintes fins:

a) Solicita-la asignación do número de identificación fiscal provisional ou definitivo, con independencia de que a persoa xurídica ou entidade solicitante non estea obrigada, por aplicación do disposto no punto 1 anterior, á presentación da declaración censual de alta no censo de obrigados tributarios. A asignación do número de identificación fiscal, por solicitude do interesado ou de oficio, determinará a inclusión automática no censo de contribuíntes da persoa ou entidade de que se trate.

b) Renunciar ó réxime de estimación obxectiva e á modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas ou ós réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.

c) Indicar, para efectos do imposto sobre o valor engadido, se o inicio da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios que constitúen o obxecto da actividade será posterior ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servicios destinados ó desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional.

d) Propórle á Axencia Estatal de Administración Tributaria a porcentaxe provisional de deducción a que se refire o punto dous do artigo 111 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

e) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxes a que se refire o artigo 146 da Lei do imposto sobre o valor engadido e pola determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o punto dous do artigo 137 da mesma lei.

f) Solicita-la inclusión no Rexistro de operadores intracomunitarios.

g) Optar pola non suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o punto catro do artigo 68 da Lei do dito imposto.

h) Comunica-la suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refiren os puntos tres e cinco do artigo 68 da Lei do dito imposto, sempre que o declarante non se encontre xa rexistrado no censo.

i) Optar pola aplicación da regra de pro rata especial no imposto sobre o valor engadido, prevista no punto dous.1.º do artigo 103 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

j) Optar pola determinación do pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no punto 3 do artigo 38 da Lei do imposto sobre sociedades.

k) Comunica-lo período de liquidación das declaracións de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre a renda de non residentes e do imposto sobre sociedades, en atención á contía do seu último orzamento aprobado cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social.

l) Optar pola aplicación do réxime xeral previsto para os establecementos permanentes, nos termos do punto 5.b) do artigo 17 da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, para aqueles establecementos permanentes dos que a actividade en territorio español consista en obras de construción, instalación ou montaxe cunha duración que exceda de 12 meses, actividades ou explotacións económicas de temporada ou estacionais, ou actividades de exploración de recursos naturais.

m) Comunicar aqueloutros feitos e circunstancias de carácter censual previstos na normativa tributaria ou que determine o ministro de Facenda.

4. Esta declaración deberá presentarse, segundo os casos, con anterioridade ó inicio das correspondentes actividades, á realización das operacións, ó nacemento da obrigación de reter ou ingresar á conta sobre as rendas que se satisfagan, aboén ou deban ou á concorrencia das circunstancias previstas neste precepto.

Para efectos do disposto neste regulamento, entenderase producido o comezo dunha actividade empresarial ou profesional desde o momento que se realice calquera entrega, prestación ou adquisición de bens ou servicios, se efectúen cobramentos ou pagamentos ou se contrate persoal laboral, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servicios.

## Artigo 8. *Declaración de modificación.*

1. Cando se modifique calquera dos datos recollidos na declaración de alta ou en calquera outra declaración de modificación posterior, o obrigado tributario deberá comunicarlle á Administración tributaria, mediante a correspondente declaración, a dita modificación.

2. Esta declaración, en particular, servirá para:

a) Comunica-lo cambio de domicilio fiscal, de acordo co previsto no punto 2 do artigo 45 da Lei xeral tributaria e o punto 1 do artigo 147 da Lei do imposto sobre sociedades.

b) Comunica-la variación de calquera dos datos e situacións tributarias recollidas nos artigos 2 a 7 deste regulamento.

c) Comunica-lo inicio da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a actividades empresariais ou profesionais, cando a declaración de alta se formulase indicando que o inicio da realización das ditas entregas de bens ou prestacións de servicios se produciría con posterioridade ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servicios destinados á actividade.

Así mesmo, a declaración de modificación servirá para comunica-lo comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a unha nova actividade constitutiva dun sector diferenciado para efectos do imposto sobre o valor engadido, cando se presentase previamente unha declaración censual mediante a que se comunique que o inicio da realización das entregas de bens e prestacións de servicios en desenvolvemento da dita nova actividade se produciría con posterioridade ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servicios destinados a aquela.

d) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxes a que se refire o artigo 146 da Lei do imposto sobre o valor engadido e polo de determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o punto dous do artigo 137 da mesma lei.

e) Solicita-la inclusión no Rexistro de operadores intracomunitarios cando se vaian producir, unha vez presentada a declaración censual de alta, as circunstancias que o requiran previstas no punto 3 do artigo 1 deste regulamento.

Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que cesen no desenvolvemento das actividades suxeitas ó dito imposto, sen que iso determine a súa baixa no censo de obrigados tributarios, e os suxeitos pasivos que durante os 12 meses anteriores non realizen entregas ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó imposto sobre o valor engadido, ou non fosen destinatarios de prestacións de servicios dos que o lugar de realización para efectos daquel se determinase efectivamente en función do número de identificación fiscal co que se realizase a operación, deberán presentar así mesmo unha declaración censual de modificación na que solicite a baixa no dito rexistro.

f) Optar pola non suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o punto catro do artigo 68 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

g) Comunica-la suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas a que se refiren os puntos tres e cinco do artigo 68 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

h) Revoga-las opcións ou solicitudes a que se refiren as alíneas d), e) e f) anteriores e as alíneas e) e g) do punto 3 do artigo 7 deste regulamento, así como a comunicación dos cambios das situacións a que se refiren

a alínea g) deste punto e a alínea h) do punto 3 do artigo 7.

i) Comunica-la superación dos límites de volume de operacións a que se refire o artigo 20.un.27.º da Lei do imposto sobre o valor engadido, así como a modificación desta circunstancia.

j) Optar pola aplicación da regra de pro rata especial no imposto sobre o valor engadido, nos seguintes supostos:

1.º O previsto no artigo 28.1.1.º, segundo parágrafo, a), do regulamento do dito imposto.

2.º O previsto no artigo 28.1.1.º, segundo parágrafo, b), do regulamento do dito imposto, no caso en que non se exercese a dita opción ó tempo de presenta-la declaración de alta no censo de obrigados tributarios. Así mesmo, a declaración de modificación servirá para efectua-la revogación da opción pola regra de pro rata especial a que se refire o terceiro parágrafo do dito artigo 28.1.1.º

k) No caso daqueles que, tendo xa a condición de empresarios ou profesionais por vir realizando actividades de tal natureza, inicien unha nova actividade empresarial ou profesional que constituía, para efectos do imposto sobre o valor engadido, un sector diferenciado respecto das actividades que viñan desenvolvendo con anterioridade, e se encontren en calquera das circunstancias que se indican a continuación, para comunicar á Administración a súa concorrencia:

1.º Que o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes á nova actividade se producirá con posterioridade ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servicios destinados ó seu desenvolvemento, resultando aplicable o réxime de deducción previsto nos artigos 111, 112 e 113 da Lei do imposto sobre o valor engadido. Neste caso, a declaración conterá tamén a proposta da porcentaxe provisional de deducción a que se refire o punto dous do citado artigo 111.

2.º Que exercen a opción pola regra de pro rata especial prevista no artigo 103.dous.1.º da Lei do imposto sobre o valor engadido.

l) Solicita-la inscrición no Rexistro de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial, así como a baixa no dito rexistro, de acordo co artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

m) Comunicarlle á Administración tributaria o cambio de período de liquidación no imposto sobre o valor engadido e para efectos das declaracións de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre a renda de non residentes e do imposto sobre sociedades, segundo corresponda, a causa do seu volume de operacións calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei do imposto sobre o valor engadido, ou en atención á contía do seu último orzamento aprobado cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social.

n) Optar ou renunciar á opción para determina-lo pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no punto 3 do artigo 38 da Lei do imposto sobre sociedades.

ñ) Renunciar á aplicación do réxime de consolidación fiscal no caso dos grupos fiscais que exercen esta opción.

o) Comunicar outros feitos e circunstancias de carácter censual previstos nas normas tributarias ou que determine o ministro de Facenda.

3. Esta declaración non será necesaria cando a modificación dun dos datos que figuren no censo se

producise por iniciativa dun órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. A declaración deberá presentarse no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se producisen os feitos que determinan a súa presentación, salvo nos casos que se indican a continuación:

a) Nos supostos en que a normativa propia de cada tributo estableza prazos específicos nos que a declaración se presentará de conformidade con estes.

b) As declaracións a que se refire a alínea k).1.º do punto 2 deste artigo deberán presentarse con anterioridade ó momento en que se inicie a nova actividade empresarial que vaia constituír, para efectos do imposto sobre o valor engadido, un sector diferenciado de actividade respecto das actividades que se viñan desenvolvendo con anterioridade.

c) A comunicación prevista na alínea m) do punto 2 deste artigo formularase no prazo xeral e, en calquera caso, antes do vencemento do prazo para a presentación da primeira declaración periódica afectada pola variación posta en coñecemento da Administración tributaria ou que se debese presentar de non se produci-la dita variación.

d) A solicitude a que se refire o primeiro parágrafo do punto 2.e) deste artigo deberá presentarse con anterioridade ó momento no que se produzan as circunstancias previstas no punto 3 do artigo 1 deste regulamento.

e) Cando o ministro de Facenda estableza un prazo especial atendendo ás circunstancias que concorran en cada caso.

#### Artigo 9. *Declaración de baixa.*

1. Os que cesen no desenvolvemento de todo tipo de actividades empresariais ou profesionais ou, non tendo a condición de empresarios ou profesionais, deixen de satisfacer rendementos suxeitos a retención ou ingreso á conta deberán presenta-la correspondente declaración mediante a que comuniquen á Administración tributaria tal circunstancia para efectos da súa baixa no censo de obrigados tributarios.

Así mesmo, as persoas xurídicas que non desenvolvan actividades empresariais ou profesionais deberán presentar esta declaración para efectos da súa baixa no rexistro de operadores intracomunitarios cando as súas adquisicións intracomunitarias de bens deban resultar non suxeitas de acordo co artigo 14 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

2. A declaración de baixa deberá presentarse no prazo dun mes desde que se cumpran as condicións previstas no punto 1 deste artigo, sen prexuízo de que a persoa ou entidade concernida deba presenta-las declaracións e cumprilas obrigacións tributarias que lle incumban.

3. Cando unha sociedade ou entidade se disolva, a declaración de baixa deberá ser presentada no prazo dun mes desde que se realizase, se é o caso, a cancelación efectiva dos correspondentes asentos no Rexistro Mercantil.

Se non constasen os ditos asentos, a Administración tributaria porá en coñecemento do Rexistro Mercantil a solicitude de baixa para que este redacte unha nota marxinal na folla rexistral da entidade. No sucesivo, o rexistro comunicarlle á Administración tributaria calquera acto relativo á dita entidade que se presente a inscrición.

Igualmente, cando lle constasen á Administración tributaria datos abondos sobre o cesamento da actividade dunha entidade, porao en coñecemento do Rexistro Mercantil, para que este, de oficio, proceda a redactar unha



nota marxinal cos mesmos efectos que os previstos no parágrafo anterior.

4. No caso de falecemento do obrigado tributario, os herdeiros deberán presenta-la declaración de baixa correspondente. Igualmente quedarán obrigados a comunica-la modificación da titularidade de cantos dereitos e obrigacións con transcendencia tributaria permanecesen vixentes con terceiros e a presentar, se é o caso, a declaración ou declaracións de alta que sexan procedentes, todo iso nun prazo máximo de seis meses.

**Artigo 10. *Especialidades na alta no censo de contribuíntes das entidades ás que se asigne un número de identificación fiscal.***

1. A asignación a unha entidade do número de identificación fiscal provisional previsto no artigo 10 do Real decreto 338/1990 determinará a súa alta no censo de contribuíntes e, sempre que se produzan as circunstancias previstas no punto 2 do artigo 1 deste regulamento, a súa alta no censo de obrigados tributarios, sen prexuízo da obrigación que incumbe á entidade en calquera dos casos de achegar copia da escritura ou documento fidedigno da súa constitución e dos estatutos sociais ou documento equivalente, así como certificación da súa inscrición, cuando proceda, no correspondente rexistro público.

2. As variacións posteriores á alta censual, incluídas as relativas ó inicio da actividade, domicilio ou identidade dos socios ou persoas ou entidades que a integren, comunicaranse mediante a declaración de modificación regulada no artigo 8 deste regulamento. Non obstante, non será necesario comunica-las variacións relativas ós socios, membros ou partícipes das entidades unha vez que se inscriban no rexistro correspondente e obteñan o número de identificación fiscal definitivo.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as entidades sen personalidade xurídica deberán comunica-las variacións relativas ós seus socios, comuneiros ou partícipes, aínda que obtivesen un número de identificación fiscal definitivo, salvo que deban presenta-la declaración informativa regulada no artigo 74 bis da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

3. As persoas xurídicas ou entidades sen personalidade deberán presentar copia das escrituras ou documentos que modifiquen os anteriormente vixentes, no prazo dun mes desde a inscrición no rexistro correspondente ou desde o seu otorgamento se a dita inscrición non fose necesaria, cando as variacións introducidas impliquen a presentación dunha declaración censual de modificación.

**Artigo 11. *Modelo de declaración e forma e lugar de presentación.***

As declaracións censuais de alta, modificación e baixa, previstas nos artigos 7, 8 e 9 deste regulamento, presentaranse no lugar, forma, prazos e modelos que estableza o ministro de Facenda.

## CAPÍTULO IV

### Outras disposicións

**Artigo 12. *Competencias da Axencia Estatal de Administración Tributaria.***

Correspóndelle á Axencia Estatal de Administración Tributaria a xestión dos censos e rexistros definidos no artigo 1 deste regulamento no ámbito estatal. Para tal efecto, poderá realizar de oficio as altas, baixas e modificacións reguladas neste regulamento.

**Artigo 13. *Cambio do domicilio fiscal.***

1. De acordo co artigo 45 da Lei xeral tributaria, os contribuíntes e obrigados tributarios e, en particular, os que estean incluídos no censo de obrigados tributarios, deberán comunicar á Administración tributaria os seus cambios de domicilio fiscal.

2. Os contribuíntes comunicarán o cambio de domicilio antes do transcurso do prazo dun mes a partir do momento en que se produza aquel.

3. Tratándose de persoas ou entidades que deban figurar no censo de obrigados tributarios, a comunicación do cambio de domicilio efectuarase exclusivamente mediante a presentación da declaración censual.

4. De acordo co disposto no artigo 45 da Lei xeral tributaria, a comunicación do novo domicilio fiscal terá plenos efectos desde a súa presentación.

Non obstante, cando se iniciase de oficio un procedemento de calquera índole con anterioridade á comunicación do novo domicilio, a dita comunicación terá efectos ó mes seguinte da súa presentación, salvo que durante o dito prazo a Administración tributaria inicie un procedemento de comprobación da procedencia do cambio de domicilio; nese caso tódolos procedementos iniciados de oficio antes da referida comunicación continuaraos e finalizaraos o órgano que os viñese tramitando mentres non se resolta o expediente de comprobación do cambio de domicilio. O anterior non obsta para que a Administración tributaria poida iniciar en calquera outro momento un procedemento de comprobación do domicilio fiscal do contribuínte.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación nos procedementos regulados no Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos, nos que o cambio de domicilio non alterará a competencia do órgano actuante en canto ós procedementos xa iniciados antes da comunicación daquel.

**Artigo 14. *Comprobación e cooperación administrativa.***

1. A Administración tributaria pode solicita-la presentación das declaracións censuais e a achega da documentación que deba acompañalas, así como a súa ampliación e a emenda dos defectos advertidos, e poderá incorporar de oficio os datos que deban figurar nos censos.

2. Os datos que figuren nos censos rectificaranse de oficio cando así resulte da resolución acordada en calquera expediente de xestión tributaria, logo de audiencia ó interesado. Non obstante, poderá prescindirse do trámite de audiencia nos supostos previstos no artigo 22 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

3. A Administración tributaria poderá acordar de oficio a baixa cautelar nos rexistros de operadores intracomunitarios e de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial das persoas ou entidades incluídas neles cando no curso dunha comprobación se constaten os feitos ou circunstancias ós que se refire o punto 7 do artigo 10 do Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, relativo á comprobación da veracidade dos datos comunicados polos interesados nas súas solicitudes de número de identificación fiscal.

Así mesmo, a Administración tributaria poderá dar de baixa de oficio nos rexistros citados no parágrafo anterior as persoas ou entidades ás que se lles asigne un número de identificación fiscal provisional cando non acheguen, no prazo de tres meses desde que lles sexa requirida, a documentación necesaria para obte-lo número de identificación fiscal definitivo, salvo que, no dito

prazo, xustifiquen debidamente a imposibilidade da súa achega.

4. O establecido nos puntos precedentes enténdese sen prexuízo do dereito dos interesados á rectificación ou cancelación dos seus datos, en particular cando resulten inexactos ou incompletos, previsto na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal. Este dereito exercerase mediante a presentación da declaración de modificación prevista no artigo 8 deste regulamento.

5. Para facilitar a xestión dos censos regulados neste regulamento, a Administración pública competente para asignar o número que constitúa o número de identificación fiscal comunicará con periodicidade, polo menos trimestral, á Axencia Estatal de Administración Tributaria o nome e apelidos, número de identificación fiscal e, se é o caso, domicilio en España das persoas ás que asignen o dito número.

#### Artigo 15. *Exclusión doutras declaracións censuais.*

1. A presentación das declaracións a que se refire este regulamento producirá os efectos propios da presentación das declaracións relativas ó comezo, modificación ou cesamento no exercicio das actividades económicas suxeitas ó imposto sobre o valor engadido.

2. A presentación destas declaracións censuais substitúe, así mesmo, a presentación do parte de alta no índice de entidades para efectos do imposto sobre sociedades.

3. De igual forma, en relación cos suxeitos pasivos que resulten exentos do imposto sobre actividades económicas, a presentación das declaracións censuais reguladas neste regulamento substitúe a presentación das declaracións específicas do imposto sobre actividades económicas.

#### Artigo 16. *Substitución da declaración de alta polo documento único electrónico no caso de sociedades limitadas Nova Empresa.*

As sociedades en constitución que presenten o documento único electrónico para realizar telematicamente os seus trámites de constitución, de acordo co previsto na Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa, e no Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, quedarán exoneradas da obrigaçión de presenta-la declaración censual de alta prevista neste regulamento, sen prexuízo da presentación posterior das declaracións de modificación e baixa que correspondan na medida en que varíe ou deba ampliarse a información e circunstancias reflectidas no dito documento único electrónico.

#### Artigo 17. *Acceso ós datos que figuran nos censos.*

As persoas ou entidades incluídas nos censos tributarios terán dereito a coñecer os datos a que se refire este regulamento, que figuren naqueles e concernentes a elas, e poderán solicitar, para tal efecto, que se lles expida o correspondente certificado. Sen prexuízo do anterior, será aplicable ós referidos datos o establecido no artigo 113 da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional única. *Aplicación do regulamento nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.*

1. O disposto neste regulamento ten de entenderse sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto ou convenio económicos, vixentes nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra, respectivamente.

2. Os obrigados tributarios que teñan o seu domicilio fiscal en territorio común deberán presenta-las declaracións censuais a que se refire este regulamento ante o órgano competente da Administración tributaria do Estado, sen prexuízo das obrigaçións que lles sexan esixibles polas Administracións tributarias dos territorios históricos do País Vasco ou da Comunidade Foral de Navarra.

3. Os obrigados tributarios que teñan o seu domicilio fiscal en territorio vasco ou navarro deberán presentar estas declaracións censuais ante o órgano competente da Administración tributaria do Estado cando teñan que presentar ante esta declaracións-liquidacións periódicas, e os seus correspondentes resumos anuais, se é o caso, ou declaracións anuais que inclúan rendementos de actividades económicas, así como cando se trate de suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que desenvolvan actividades económicas en territorio común.

Disposición transitoria única. *Datos que constan nos censos.*

1. Mentres non se producen variacións e sen prexuízo do disposto no punto 2 seguinte, manteñen a súa vixencia os datos censuais comunicados á Administración tributaria en aplicación do establecido no Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que deberán presentar para efectos fiscais os empresarios, profesionais e outros obrigados tributarios.

2. A Axencia Estatal de Administración Tributaria incluírá de oficio no Rexistro de operadores intracomunitarios os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que nos 12 meses anteriores á entrada en vigor deste regulamento realizasen entregas ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas a este tributo.

Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

O ministro de Facenda dictará cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación do disposto neste regulamento.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**17109** *ORDE APA/2420/2003, do 28 de agosto, pola que se modifica o catálogo oficial de razas de gando de España, contido no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o catálogo oficial de razas de gando de España. («BOE» 213, do 5-9-2003.)*

O Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España, establece o procedemento de modificación do anexo que contén a relación de razas autóctonas e españolas.

De acordo co artigo 4 do citado real decreto, a modificación do anexo baséase, neste caso, nas propostas que o Goberno de Canarias, a Xunta de Galicia, o Goberno Vasco, o Goberno de Aragón, a Generalitat de Cataluña e a Junta de Castilla y León, presentaron no Comité de Razas de Gando de España.